



Estimados pais:

O **sábado 23 de maio**, temos previsto organizar a I Carreira Popular Concello de Dumbría. Nas probas poderán participar rapaces/zas nados entre os anos 1998 e 2011.

CATEGORÍAS	DISTANCIAS	HORA SAÍDA
<b>Infantís (2002-2003)</b>	3.000 m	17,10
<b>Cadetes (2000-2001)</b>	3.000 m	17,10
<b>Xuvenís (1998-1999)</b>	5.000 m	18,00
<b>Alevíns (2004-2005)</b>	1.000 m	17,40
<b>Benxamíns (2006-2007)</b>	1.000 m	17,40
<b>Pitufos (2008-2011)</b>	300 m	18,45

**A inscrición será gratuíta para estas categorías, e a data límite será o martes 19 de maio.**(Ou ata mércores 20 de maio a través de [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com))

As categorías base (dende pitufos ata xuvenís) poderán facer a inscrición de dúas maneiras:

1. A través de [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com): introducindo os datos persoais do atleta. A autorización paterna deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais. Dita autorización poderá ser descargada en [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com). (Pitufos só mediante a opción 2).
2. Presentando a autorización paterna (que aparece na parte dereita desta folla) debidamente cuberta e asinada, no Departamento de Deportes do Concello de Dumbría, ou entregándoa no teu colexio.

Os atletas inscritos deberán recoller o seu dorsal e CHIP dende as 15,30 h ata media hora antes da súa carreira na carpa habilitada para tal fin.. A categoría PITUFOS solo levará dorsal (non chip).

**Premios:** En categoría pitufo levarán medalla todos/as os/as participantes. Nas categorías benxamín e alevín, levarán medalla todos os participantes, e subirán ó podio os/as tres primeiros/as de cada unha destas categorías. Nas categorías infantil, cadete e xuvenil levarán medalla os/as tres primeiros/as participantes de cada categoría.

## I CARREIRA PEESTRE CONCELLO DE DUMBRÍA Autorización paterna

Nesta nova edición todos/as os/as deportistas das categorías benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil, que corran un mínimo de **6 carreiras do circuío** recibirán un **diploma conmemorativo** que se entregará na gala final.

**Para optar a este diploma** nas categorías inferiores **é preciso que** nas inscricións das diferentes probas o **nome, apelidos e data de nacemento coincidan exactamente**. É dicir, se non están inscritos exactamente igual (por exemplo unha vez con til e outra sen ela), o sistema considerará que son inscricións diferentes.

### DATOS DO/A ATLETA

APELIDOS		
NOME		
DATA NACEMENTO (DD-MM-AA)		
DNI (se teñen)		
XÉNERO (marcar o que corresponda)	<input type="checkbox"/>	MASCULINO
	<input type="checkbox"/>	FEMININO
ENDEREZO		
C.P. e POBOACIÓN		
CENTRO ENSINO		
TLF		

### AUTORIZACIÓN (PAI, NAI, TITOR/A)

APELIDOS		
NOME		
DNI		
SINATURA	Autorizo ao meu fillo/a a participar na I Carreira Concello de Dumbría.	

Cortar pola liña de puntos e entregar a autorización cuberta e asinada nas conserxerías dos colexios.